



INFORME DE SEGUIMIENTO

Outubro 2018

Valoración da evolución da sinistralidade e grao de desenvolvemento do
Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020

XUNTA DE GALICIA

INFORME DE SEGUIMIENTO

Outubro 2018

Valoración da evolución da sinistralidade
e grao de desenvolvemento do
Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020

Coa colaboración da Asociación Española de la Carretera



Asociación
Española de la
Carretera

INFORME DE SEGUIMIENTO



ANTECEDENTES

O obxectivo deste informe é realizar unha valoración dos logros alcanzados nos primeiros anos de aplicación do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020.

Para iso analizouse a evolución da sinistralidade viaria en Galicia durante os últimos anos co fin de comprobar o grao de cumprimento do obxectivo establecido: **“obter unha taxa de 34 falecidos por millón de habitantes en 2020”**, obxectivo aliñado co Plan Mundial para o Decenio de Acción de Seguridade Viaria 2011-2020. Esta análise levouse a cabo tanto para o conxunto dos sinistros ocorridos en Galicia, como para os que foron rexistrados na rede autonómica da Xunta, revisando a

evolución por provincias, en contornas urbanas, etc.

Así mesmo, analizouse o grao de execución, durante os anos 2016 e 2017, das medidas inicialmente expostas e englobadas nos 5 obxectivos estratéxicos do Plan 2016-2020.

- OE1: Xestión da seguridade viaria
- OE2: Vías de tránsito e mobilidade máis seguras
- OE3: Vehículos máis seguros
- OE4: Usuarios de vías de tránsito máis seguros
- OE5: Resposta tras os accidentes

Índice

1. ANÁLISE DE SINISTRALIDADE.....	1
1.1. Evolución da sinistralidade en Galicia, no contexto de Europa e de España	1
1.1.1. Antecedentes	1
1.1.2. O contexto europeo	3
1.1.3. O contexto español	5
1.1.4. Evolución da sinistralidade en Galicia	8
1.1.4.1. Accidentes con Víctimas	8
1.1.4.2. Feridos Graves.....	9
1.1.4.3. Falecidos	10
1.1.4.4. Análise do cumprimento do Obxectivo do Plan 2016-2020 e do Obxectivo 2020	11
1.1.4.5. A accidentalidade urbana en Galicia.....	15
1.2. Análise da sinistralidade na rede autonómica	17
1.2.1. Accidentes con vítimas.....	17
1.2.2. Falecidos.....	18
1.2.3. Evolución do tráfico.	19
1.2.4. Índices de Perigosidade e Mortalidade.....	20
1.2.5. A accidentalidade urbana na rede autonómica	21
1.2.6. A sinistralidade dos usuarios vulnerables na rede autonómica.....	22
2. ANÁLISE DE EVOLUCIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA 2016-2020	23
3. CONCLUSIÓNS	23

1. ANÁLISE DE SINISTRALIDADE

1.1. Evolución da sinistralidade en Galicia, no contexto de Europa e de España

1.1.1. Antecedentes

Desde o Banco Mundial ata as Nacións Unidas, sen esquecer á Comisión Europea coinciden en que, para mellorar a seguridade viaria, é imprescindible a definición consensuada de obxectivos concretos e ambiciosos, pero alcanzables, así como a avaliación continua dos progresos logrados. Con este obxectivo, a Xunta de Galicia puxo en marcha o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015 cuxo obxectivo estratéxico era **“Reducir o ratio de mortos e feridos graves en accidentes de tráfico por millón de habitantes de maneira que Galicia se sitúe na contorna da media española”**.

A pesar de que o ámbito de actuación da Xunta de Galicia se limita á rede autonómica de estradas, o obxectivo do Plan expúxose desde unha perspectiva global, é dicir, tomando como indicadores de referencia as taxas de falecidos e feridos graves por millón de habitantes correspondentes ás cifras de sinistralidade rexistradas en todas as estradas da Comunidade Autónoma e non só nas de competencia autonómica.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2011-2015 contaba con sete Obxectivos Estratéxicos, a partir dos cales se definiron ao redor de 80 accións encamiñadas a mellorar a seguridade viaria en Galicia. No ano 2013, realizouse o seguimento das devanditas accións, co obxectivo de comprobar se foran executadas, medir o seu impacto mediante os indicadores establecidos e realizar os axustes necesarios para lograr a consecución do obxectivo do Plan.

As gráficas seguintes mostran a evolución dos ratios de falecidos e feridos graves en accidentes de tráfico por millón de habitantes no período 2011-2017.

Ao principio da presente década, tanto a Unión Europea, como Nacións Unidas expuxeron un obxectivo ambicioso pero alcanzable para moitos países e comunidades autónomas: reducir á metade o número de vítimas mortais en accidentes de tráfico no período 2011-2020. A evolución da mortalidade en accidentes de tráfico en Galicia mostra

unha tendencia compatible co Obxectivo 2020, ao situarse por baixo da liña tendencial necesaria para a consecución deste.




Gráfico 1. Evolución da mortalidade a 30 días en Galicia e comparación co Obxectivo 2020. (Fonte: elaboración propia a partir dos datos da DGT)

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 concíbese como un instrumento de planificación aliñado coas actuais políticas en materia de seguridade viaria no contexto mundial, europeo e nacional.

Logo de analizada a evolución da sinistralidade viaria en Galicia e tendo en conta o obxectivo de aliñar o novo Plan co Plan Mundial para o Decenio de Acción de Seguridade Viaria 2011-2020 de Nacións Unidas, estableceuse como obxectivo do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 “obter unha taxa de 34 falecidos por millón de habitantes en 2020”.




Gráfico 2. Evolución do ratio de falecidos por millón de habitantes e comparativa co Obxectivo 2020. (Fonte: elaboración propia a partir dos datos da DGT).

Neste sentido, as accións contempladas no Plan 2016-2020 baséanse en gran medida naquelas que foron realizadas con éxito en Plans anteriores, demostrando a súa eficacia na mellora da seguridade viaria, complementadas por novas iniciativas que buscan reforzar aqueles aspectos non cubertos polas medidas existentes ou cuxos resultados non alcanzaron as metas previstas nun primeiro momento.

As ditas accións agrúpanse no Plan 2016-2020 en 5 obxectivos estratéxicos, coincidentes cos cinco Pilares do Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2020.

FALECIDOS POR MILLÓN DE HABITANTES





Gráfico 3. Evolución dos ratios de falecidos e feridos graves en accidentes de tráfico por millón de habitantes para o período 2011-2017. FONTE: elaboración propia a partir de datos da DGT e da Xunta de Galicia.

FERIDOS GRAVES POR MILLÓN DE HABITANTES



No período de estudo 2011- 2017 a taxa de falecidos por millón de habitantes en Galicia foise aproximando á media española, aínda que no período 2011- 2015 logrou dar un salto de calidade considerable, durante o ano 2017 o dito ratio–situouse unicamente catro puntos por encima ao valor correspondente á media española..

A evolución 2011-2017 da taxa de feridos graves por millón de habitantes seguiu unha tendencia similar, pasando dunha diferenza de 54 puntos en 2011 a 50 puntos en 2017.

1.1.2. O contexto europeo

Como se pode apreciar na ilustración 1, España situouse á cabeza de Europa tras os Países Nórdicos, Reino Unido, Holanda e Suíza, presentando unha das menores taxas de mortalidade por millón de

habitantes no conxunto da Unión Europea. Neste mapa pode observarse que os países do leste de Europa son os que presentan peores resultados, especialmente Letonia, Serbia, Rumania, Polonia e Bulgaria.




Ilustración 1. Taxa de falecidos por millón de habitantes en 2017. Fonte: European Transport Safety Council (ETSC).

Aínda que existe unha distancia significativa entre as taxas dos países con mellores resultados en seguridade viaria e os países do leste de Europa, o certo é, que durante os últimos anos esta diferenza viuse reducida en gran medida: en 2003 Letonia e Lituania presentaban taxas de 228 e 205 falecidos por millón de habitantes reducíndose, en 2017, ditos

valores a 70 e 67 falecidos por millón de habitantes, respectivamente. España tiña en 2003, unha taxa de 128 vítimas mortais por millón de habitantes, situándose por encima da media europea, en 2017 a dita taxa reduciuse a 39 falecidos por millón de habitantes, 11 puntos por baixo da media europea.




Gráfico 4. Taxa de falecidos por millón de habitantes en 2017 en Unión Europea. Fonte: ETSC. 2018

A seguinte gráfica mostra unha comparativa da evolución das vítimas mortais entre a Unión Europea, España e Galicia, onde se representaron as variacións porcentuais desde o ano 2001, ano tomado como base 100. Nela pódese apreciar unha evolución moi similar entre os valores de España e Galicia, alcanzando reducións inferiores á media da Unión Europea durante o período 2001-2017. En canto ás provincias galegas, todas elas rexistraron reducións superiores á media

europaea, sendo a provincia de Pontevedra a que experimentou unha maior redución, correspondente ao 79,6 % durante os últimos 16 anos.

FALECIDOS EN ACCIDENTES DE TRÁFICO			
ANO	2001	2016	2017
GALICIA	473	141	117
A CORUÑA	171	58	51
LUGO	96	32	22
OURENSE	54	15	13
PONTEVEDRA	152	36	31

Evolución das vítimas mortais. Comparativa Galicia - UE (2001-2017)





Gráfico 5. Evolución da Taxa de falecidos por millón de habitantes. Fonte: European Transport Safety Council (ETSC) e DGT



En 2017, A Coruña, Ourense e Pontevedra situáronse por baixo da media europea, especialmente Pontevedra, cun valor inferior á media de España. Lugo rexistrou taxas significativamente superiores á media española e europea.

Gráfico 6. Taxa de falecidos por millón de habitantes en Unión Europea e Galicia (2017). Fonte: ETSC e DGT

1.1.3. O contexto español

Utilizando unha escala similar á diferenza entre a menor e a maior taxa de falecidos por millón de habitantes na Unión Europea, elaborouse un mapa de cores que permite identificar, dunha forma sinxela, as comunidades autónomas que se atopan por baixo da media española (39 falecidos/millón hab.) daquelas que rexistraron taxas superiores. Entre as primeiras tan só atópanse Cataluña, Comunidade Valenciana, Andalucía, Cantabria, Illas Canarias, Principado de

Asturias, País Vasco, Comunidade de Madrid e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla. As comunidades autónomas con peores taxas de mortalidade en 2017, do mesmo xeito que en 2015, foron La Rioja, Castilla y León, Castilla La Mancha e Illas Baleares.

Galicia situouse entre as comunidades autónomas cunha taxa de falecidos por millón de habitantes situada entre 39 e 60, do mesmo xeito que Extremadura, Comunidade Foral de Navarra e Murcia.



Ilustración 2. Taxa de mortalidade por comunidades autónomas. Fonte: elaboración propia a partir de datos da DGT. 2017.




Gráfico 7. Taxa de falecidos por millón de habitantes nas Comunidades Autónomas. Fonte: DGT. 2016

Zamora, Teruel, Soria e Huesca son as provincias que presentan unha maior taxa de falecidos por millón de habitantes, seguidos de Lleida, Cuenca, Burgos, La Rioja, Palencia e Toledo. As provincias que presentan taxas inferiores á media española son: Zaragoza, Cantabria, Guipúzcoa, Santa Cruz de Tenerife,

Granada, Asturias, Alicante, Álava, Pontevedra, Almería, Valencia, Sevilla, Cádiz, Las Palmas, Barcelona, Madrid e Bizkaia. As 23 provincias restantes pertencen ao grupo cuxa taxa de mortalidade se atopa comprendida entre 39 e 72.




Ilustración 3. Taxa de mortalidade en accidente de tráfico por provincias. Fonte: Elaboración propia a partir de datos da DGT. 2017

Durante os dous primeiros anos de vixencia do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, a comunidade autónoma galega registrou 24 falecidos menos no ano 2017 que no ano 2016, o que a efectos de custos económicos supuxo un aforro do custo de máis de 34 millóns de euros¹. Para

o conxunto de España, no ano 2017 rexistráronse 20 falecidos menos que no ano 2016, supoñendo desde un punto de vista económico un descenso do custo superior a 28 millóns de euros.

¹ Para o cálculo tomouse como valor de vida humana 1.445.962 euros do ano 2016, valor estimado pola Dirección Xeral de Tráfico en colaboración coa Universidade de Murcia, utilizando o método de disposición ao pago (As principais cifras da

Sinistralidade Viaria. España 2016 - último publicado). O aforro total estimado obtense como sumatorio dos aforros interanuais de vidas, multiplicados polo valor da vida humana considerado.

Evolución dos falecidos por sinistralidade viaria en España durante o período 2011-2017




Gráfico 8. Evolución dos falecidos por sinistralidade viaria en España durante o período 2011-2017. Fonte: DGT.

Considerando o período de análise 2011-2017, pódese apreciar unha notable diminución no número de falecidos en accidentes de tráfico, sendo Galicia a Comunidade Autónoma cuxo número de vítimas mortais máis decreceu no dito período.

CUSTO MONETARIO AFORRADO NO PERÍODO 2011-2017 (millones €)




Gráfico 9. Custo monetario aforrado durante o período 2011-2017. Fonte: Elaboración propia a partir de datos da DGT.

1.1.4. Evolución da sinistralidade en Galicia

Nos seguintes apartados preséntase a evolución da sinistralidade na Comunidade

Autónoma de Galicia, segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Tráfico.

1.1.4.1. Accidentes con Víctimas

A evolución dos accidentes con vítimas en Galicia experimentou un descenso do 22,15 % desde o ano 2001 ata 2017. Aínda que durante o período 2001-2011 a tendencia foi decrecente, diminuíndo o número de accidentes con vítimas nun 45,66%, no 2011 a dita tendencia

inverteuse rexistrándose no período 2011-2016 un incremento do 46,61%, igualando o número de accidentes con vítimas en 2016 a cifra alcanzada durante o ano 2005. En 2017 a tendencia volve invertirse, rexistrándose un descenso do 2,28% respecto ao ano anterior.

EVOLUCIÓN DOS ACCIDENTES CON VÍCTIMAS




Gráfico 10. Evolución Accidentes con Víctimas en Galicia. Fonte: DGT.

1.1.4.2. Feridos Graves

Durante o período 2001-2017, Galicia experimentou unha redución do 72,47% no número de feridos graves. No ano 2013 o número de feridos graves rexistrou o

mínimo do período, inverténdose a tendencia no dito ano. Entre 2013 e 2016 rexistrouse un aumento do 12,52%. En 2017 rexistrouse un descenso do 9,55%.

EVOLUCIÓN DE FERIDOS GRAVES



Gráfico 11. Evolución de Feridos Graves en Galicia. Fonte: DGT.

Respecto das provincias galegas, Lugo presentou a maior redución no número de feridos graves durante o período 2011-2017, cunha diminución do 34,76%,

seguida da Pontevedra con 29,02% e Coruña con 3,11%. Ourense rexistrou un aumento do número de feridos graves do 12,35% no dito período.

FERIDOS GRAVES NAS PROVINCIAS GALEGAS




Gráfico 12. Evolución de Feridos Graves por provincias en Galicia. Fonte: DGT.

1.1.4.3. **Falecidos**

Durante o período 2001-2017 o número de falecidos en accidentes de tráfico en Galicia experimentou unha redución do 75,26%. Entre 2011 e 2015 as vítimas mortais diminuíron en 63 persoas, o que corresponde a unha redución do 33,87%. En 2015 a tendencia inverteuse aumentando o número de vítimas rexistradas durante 2016 un 14,63%, 18

falecidos máis que no ano anterior. En 2017, segundo ano de vixencia do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020, rexístrase de novo un importante descenso nun número de falecidos, 24 menos que o ano anterior, sendo o ano con menor número de decesos en accidentes de tráfico desde 2001.




Gráfico 13. Evolución de falecidos en Galicia. Fonte: DGT.

Respecto das provincias galegas, no período 2011-2017 Ourense rexistrou o maior descenso en vítimas mortais, cunha redución do 61,76%, seguida de Pontevedra (42,59%), Lugo (37,14%) e A

Coruña (19,05%). Entre 2015 e 2017 A Coruña e Ourense rexistraron un aumento no número de falecidos en accidentes de tráfico, Pontevedra rexistrou un importante descenso do 27,91%.




Gráfico 14. Evolución de falecidos nas provincias galegas. Fonte: DGT.

Os últimos datos dispoñibles da DGT relativos ao ano 2017, poñen de manifesto o importante descenso no número de falecidos en accidentes de tráfico en vías interurbanas que Galicia rexistrou no dito ano con respecto a 2016, sendo a

comunidade autónoma española na que máis descendeu o número de vítimas mortais respecto ao ano anterior. Por provincias, Lugo rexistrou a maior diminución con 11 falecidos menos en 2017 que en 2016.




Gráfico 15. Diferenza 2016-2017 no número de falecidos a 30 días en vías interurbanas por CC.AA. Fonte: DGT



Gráfico 16. Diferenza 2016-2017 no número de falecidos a 30 días en vías interurbanas nas provincias galegas. Fonte: DGT

1.1.4.4. Análise do cumprimento do Obxectivo do Plan 2016-2020 e do Obxectivo 2020

O obxectivo estratéxico establecido polo Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 é **“obter unha taxa de 34 falecidos por millón de habitantes en 2020”**, obxectivo aliñado co Plan Mundial para o Decenio de Acción de Seguridade Viaria 2011-2020.

A análise da taxa falecidos por millón de habitantes, durante o período 2011-2017, revela que a pesar de rexistrar unha redución do 35%, pasando de 67 en 2011 a 43 en 2017, é aínda 9 puntos porcentuais superior á taxa obxectivo.

Considerando os datos de 2017, pódese observar un descenso significativo do ratio de falecidos entre 2016 e 2017, o que pon

de manifesto que a posibilidade de alcanzar o obxectivo do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020 é real.

RATIO DE FALECIDOS POR MILLÓN DE HABITANTES




Gráfico 17. Evolución do ratio de falecidos por millón de habitantes en Galicia. Fonte: DGT, INE e elaboración propia.

A maior redución do ratio de falecidos por millón de habitantes no período 2011-2017, rexistrouse en Ourense cunha diminución do 59,12%, seguida por Pontevedra cun descenso do 41,33%.

ratio obxectivo, sendo a provincia que máis se aproxima ao dito valor.

Os datos relativos a 2017 sitúan a taxa de falecidos por millón de habitantes de Lugo 32 puntos por encima da taxa obxectivo.

Destacar que en 2017, Pontevedra presentou unha taxa de falecidos por millón de habitantes un punto inferior ao

RATIO DE FALECIDOS NAS PROVINCIAS GALLEGAS




Gráfico 18. Evolución do ratio de falecidos por millón de habitantes nas provincias galegas. Fonte: DGT, INE e elaboración propia.




Gráfico 19. Evolución do ratio 2016 – 2017 de falecidos por millón de habitantes nas provincias galegas.
Fonte: DGT, INE e elaboración propia

Ao principio da presente década, tanto a Unión Europea como Nacións Unidas expuxeron un obxectivo ambicioso, pero alcanzable, para moitos países e rexións: a redución do número de vítimas mortais no período 2011-2020. A gráfica seguinte

evidencia que na actualidade, Galicia mostra unha evolución da mortalidade compatible co cumprimento do Obxectivo 2020, a pesar do incremento do número de falecidos rexistrado en 2016.





Gráfico 20. Evolución da mortalidade en Galicia e comparación co Obxectivo 2020.
Fonte: elaboración propia a partir dos datos da DGT.


As gráficas seguintes mostran a evolución da mortalidade e a comparación co Obxectivo 2020 particularizadas para cada unha das catro provincias galegas.

Todas as provincias mostran unha evolución da mortalidade compatible co Obxectivo 2020, sendo as mellor situadas Ourense e Pontevedra.


Evolución da mortalidade na Coruña e comparación co Obxectivo 2020



Evolución da mortalidade en Lugo e comparación co Obxectivo 2020



Evolución da mortalidade en Ourense e comparación co Obxectivo 2020



Evolución da mortalidade en Pontevedra e comparación co Obxectivo 2020




Gráfico 21. Evolución da mortalidade nas provincias galegas e comparación co Obxectivo 2020. Fonte: elaboración propia a partir dos datos da DGT.

1.1.4.5. A accidentalidade urbana en Galicia

Dos 117 falecidos rexistrados en Galicia en 2017, 32 foron en contornas urbanas, o que supón un 27,35% do total, unha porcentaxe próxima á media nacional (27,81%). As Comunidades Autónomas con máis vítimas mortais rexistradas en contornas urbanas foron Cataluña (94), Andalucía (87), Comunitat Valenciana (63) e Madrid (49), mentres que Ceuta e Melilla e La Rioja rexistraron o menor número de falecidos (3), seguidas de Cantabria e Asturias (8) e Extremadura (9).

Coa excepción de Murcia, todas as Comunidades Autónomas experimentaron reducións significativas no número de falecidos en contornas urbanas durante o

período 2001-2017, sendo La Rioja a que obtivo un maior descenso (-75%).

Neste período, Galicia conseguiu reducir as vítimas mortais nas súas cidades e travesías nun 49%, pasando de 63 falecidos en accidente de tráfico en 2001 a 32 no ano 2017. Se se analizan os dous primeiros anos de aplicación do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, obsérvase que o número de falecidos en accidente de tráfico aumentou en Galicia un 52%, mentres que a media nacional aumento un 15 %.

Evolución da mortalidade por accidente de tráfico en zona urbana. 2011-2017




Gráfico 22. Evolución da mortalidade en zona urbana durante o período 2011-2017 por Comunidades Autónomas. Fonte: DGT.

A análise territorial revela que A Coruña e Pontevedra son as provincias que soportan o maior número de falecidos e feridos graves. A Coruña contabilizou, en 2017, 5 vítimas mortais e 3 feridos graves en travesías e 9 falecidos e 111 lesionados de

gravidade en vías urbanas. Pola súa banda, Lugo foi a provincia galega cunha menor sinistralidade neste tipo de contornas durante 2017, cun total 4 falecidos e 37 feridos graves (6 en travesías e 31 en zonas urbanas).




Gráfico 23. Falecidos en travesías por provincia (2017).
Fonte: DGT




Gráfico 24. Feridos graves en travesías por provincia (2017).
Fonte: DGT




Gráfico 25. Falecidos en zona urbana por provincia (2017).
Fonte: DGT




Gráfico 26. Feridos graves en zona urbana por provincia (2017).
Fonte: DGT

1.2. Análise da sinistralidade na rede autonómica

No apartado anterior levouse a cabo unha análise da sinistralidade viaria no conxunto de Galicia. Con todo, é preciso coñecer as cifras concretas correspondentes á rede autonómica para comprobar o posible impacto do Plan 2016-2020 na dita rede.

Neste capítulo, a análise comeza a partir do ano 2011, data de inicio das accións contempladas no Plan de Seguridade de Galicia 2011-2015, situación de partida do

Plan 2016-2020 que se está avaliando.


Co obxectivo de proporcionar un marco de referencia adecuado, é preciso sinalar que a Rede de Interese Xeral do Estado en Galicia posúe unha lonxitude de 2.385 km (13% do total), a Rede da Xunta de Galicia alcanza os 5.550 km (31%) e a Rede Provincial en Galicia conta coa maior lonxitude das tres, con 9.851 km (56%).

1.2.1. Accidentes con vítimas

Durante o período 2011-2017, A Coruña, Lugo e Ourense experimentaron un aumento significativo no número de accidentes con vítimas, pasando de 362 a 487 sinistros a primeira, o que supón un incremento do 34,53%, de 98 a 123 a segunda, que implica un aumento do 25,51% e de 50 a 77 a terceira, o maior incremento de todas as provincias cun 54%. Pola contra, en Pontevedra produciuse un descenso no número de sinistros (-16,98%). Así pois, en total, a Rede Autonómica de Galicia rexistrou un lixeiro incremento na sinistralidade viaria do 6,14%.

No ano 2017 rexistrouse un considerable descenso no número de accidentes con vítimas respecto ao ano anterior, 2016, diminuindo en número de accidentes rexistrados en Lugo un 10,87%, Ourense un 6,10% e Pontevedra un 4,74%. Na Coruña o número de accidentes rexistrados mantívose constante (+0.41%).

Evolución dos accidentes con vítimas en Galicia (rede de estradas autonómica)



Evolución dos accidentes con vítimas




Gráfico 27. Evolución dos accidentes con vítimas na rede autonómica. Fonte: Xunta de Galicia.

Comparativa dos accidentes con vítimas 2015-2017




Gráfico 28. Comparativa dos accidentes con vítimas 2015-2017 na rede autonómica. Fonte: Xunta de Galicia

1.2.2. Falecidos

Respecto ao número de falecidos, no período 2011-2017, Lugo, Ourense e Pontevedra rexistraron un descenso, respectivamente, do 63,64%, 33,33% e 27,78%. Non ocorreu o mesmo na Coruña, onde se rexistrou unha lixeira tendencia á alza.

Cabe destacar o lixeiro repunte no número de falecidos rexistrado no ano 2014, momento no que no total da rede autonómica de Galicia o número de mortos alcanzou os 55, a maior cifra rexistrada no período analizado.

Evolución das vítimas mortais




Gráfico 29. Evolución dos falecidos na rede autonómica de estradas de Galicia. Fonte: Xunta de Galicia.

Durante os dous primeiros anos de aplicación do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016–2020, o número de falecidos en accidentes de tráfico en Galicia diminuíu

lixieiramente respecto ao ano 2015 (rexistráronse 3 falecidos menos en 2017 que en 2015) debido á redución do número de falecidos lograda en Lugo e Pontevedra.

Evolución dos falecidos por provincias




Gráfico 30. Comparativa dos falecidos na rede autonómica de estradas de Galicia 2015-2017. Fonte: Xunta de Galicia

1.2.3. Evolución do tráfico.

No período 2011–2017, a IMD da rede de estradas autonómicas de Galicia experimentou un lixeiro descenso (4,87%), variación similar rexistrouse en todas as provincias galegas

tráfico en todas as provincias galegas. Durante 2017 mantívose a tendencia á alza, rexistrándose un lixeiro aumento do tráfico en todas as provincias galegas respecto de 2016.

No ano 2015 tivo lugar un cambio de tendencia, rexistrándose un aumento do




Gráfico 31. Evolución da IMD media na rede autonómica de Galicia. Fonte: Xunta de Galicia.




Gráfico 32. Evolución da IMD media na rede autonómica de Galicia por provincias. Fonte: Xunta de Galicia.

1.2.4. Índices de Perigosidade e Mortalidade

As gráficas seguintes mostran que, durante o período 2011-2017, todas as provincias galegas, excepto Pontevedra, experimentaron un leve aumento no seu índice de perigosidade, un parámetro que representa a probabilidade de sufrir un sinistro viario nunha determinada rede.

Respecto ao índice de mortalidade, durante o período 2011-2017 rexistráronse lixeiras fluctuacións en todas as provincias galegas coa excepción de Lugo, que no ano 2014 rexistrou un considerable incremento alcanzando un valor de 2,5, comezando a diminuír ata alcanzar un valor de 0,5 en 2017.

Evolución Índice de Perigosidade




Gráfico 33. Índice de Perigosidade 2011-2017 na rede autonómica de estradas de Galicia. Fonte: Xunta de Galicia.

Evolución Índice de Mortalidade




Gráfico 34. Índice de Mortalidade 2011-2017 na rede autonómica de estradas de Galicia. Fonte: Xunta de Galicia

Durante o ano 2016, o índice de perigosidade das estradas autonómicas galegas aumentou lixeiramente (+6,25%) respecto ao ano anterior, volvendo durante 2017 a un valor similar a 2015. Con todo, a pesar de rexistrarse un incremento

na accidentalidade en 2016, a gravidade dos ditos accidentes diminuíu, reflectíndose no índice de mortalidade que se reduciu un 12,5%. En 2017 o índice de mortalidade mantívose constante.

Comparativa do Índice de Perigosidade




Gráfico 35. Comparativa 2015-2017 do Índice de Perigosidade na rede autonómica de estradas de Galicia.
Fonte: Xunta de Galicia.

Comparativa do Índice de Mortalidade




Gráfico 36. Comparativa 2015-2017 do Índice de Mortalidade na rede autonómica de estradas de Galicia.
Fonte: Xunta de Galicia.

1.2.5. A accidentalidade urbana na rede autonómica

En 2017, a rede autonómica de estradas de Galicia rexistrou un total de 1.210 accidentes. Deles, 695 tiveron lugar na estrada, dando como resultado 24 falecidos, mentres que en travesías e zona urbana rexistráronse 515 sinistros nos que faleceron 19 persoas.

Na rede autonómica de estradas de Galicia, o número de accidentes con vítimas rexistrados durante 2017 mantívose estable, con tendencia negativa, respecto ao do ano anterior 2016, sendo as consecuencias dos accidentes menores. Así en 2017 rexistrouse 1 falecido menos que en 2016, 3 menos que en 2015 e 12 menos

que en 2014. No caso particular da contorna urbana, o número de falecidos en 2017 (19 persoas) aumentou máis do dobre respecto ao número rexistrado en 2016 e un 19% respecto de 2015.


En relación aos feridos graves ocorridos nas estradas de titularidade autonómica, en 2017 rexistráronse un total de 190, un 22,1% menos que o ano anterior no que se contabilizaron 244.

En canto á súa distribución por provincias, en 2017, A Coruña e Pontevedra rexistraron a maior porcentaxe de accidentes urbanos cun 44% e un 46%


respectivamente, seguidas de Ourense cun 34% e de Lugo cun 28%. Como se aprecia nos gráficos seguintes, esta distribución

apenas sufriu variacións respecto dos anos anteriores.

Distribución dos accidentes con vítimas por provincias segundo a contorna (2017)



Distribución dos accidentes con vítimas por provincias segundo a contorna (2016)



Distribución dos accidentes con vítimas por provincias segundo a contorna (2015)




Gráfico 37. Distribución dos accidentes con vítimas por provincias segundo a contorna na rede autonómica de estradas de Galicia. Fonte: Xunta de Galicia.

1.2.6. A sinistralidade dos usuarios vulnerables na rede autonómica

Durante o período 2011-2017, o número de accidentes con ciclomotores implicados diminuíu significativamente, pasando de 66 en 2011 a 43 en 2017, é dicir, unha redución do 34,8%. O número de falecidos mantívose practicamente constante entre 2011 e 2017, mentres que o número de feridos, tanto graves como leves, sufriu un descenso superior ao 38%.

En canto á sinistralidade das motocicletas na Rede Autonómica de Galicia, o número de accidentes con vítimas en 2017 é lixeiramente superior ao rexistrado en 2011 (+2,4%), mentres que o número de falecidos consecuencia dos ditos accidentes diminuíu, no dito período, un 22,2%. O número total de feridos en accidentes con motocicletas mantívose practicamente constante no período 2011-2017.

Evolución sinistralidade de ciclomotores na rede autonómica de Galicia 2011-2017




Gráfico38. Evolución da sinistralidade de ciclomotores na rede autonómica de Galicia. Fonte: Xunta de Galicia

Evolución sinistralidade de motocicletas na rede autonómica de Galicia 2011-2017




Gráfico 39. Evolución da sinistralidade de motocicletas na rede autonómica de estradas de Galicia. Fonte: Xunta de Galicia.

Os accidentes de tipo frontolateral e lateral foron os máis abundantes durante o ano 2017, representando un 47% dos accidentes de ciclomotores e o 37% dos

accidentes de motocicletas. Valores similares aos de anos anteriores.




Gráfico 40. Tipos de accidentes de ciclomotores e motocicletas no ano 2017 na rede autonómica de estradas de Galicia. Fonte: Xunta de Galicia.

Do mesmo xeito que no caso dos accidentes de motocicletas, o número de atropelos a peóns na rede dependente da Xunta de Galicia aumentou lixeiramente, pasando de 84 en 2011 a 93 en 2017 (+3,6%), o que provocou un aumento no número de vítimas mortais (7 falecidos máis) e de feridos leves (+16). Pola contra, o número de feridos graves diminuíu un

44,4%, pasando de 36 feridos graves en 2011 a 20 en 2017.

Notar que no ano 2014 tivo lugar un aumento do número de atropelos de peóns rexistrándose un total de 107 atropelos, un 27,4% superior aos rexistrados en 2011 e un 13,1% superior aos atropelos contabilizados en 2017.

Evolución dos atropelos a peóns na rede autonómica de Galicia





Gráfico 41. Evolución dos atropelos na rede autonómica de estradas de Galicia 2011-2017. Fonte: Xunta de Galicia.

Os accidentes nos que se ven involucrados peóns son especialmente perigosos en comparación co resto de tipo de accidentes. Durante 2017 na rede de estradas autonómicas de Galicia, rexistráronse un total de 1.210 accidentes con vítimas, deles 93 foron atropelos de

peóns (un 7,69%) dando como resultado un total de 13 falecidos, o que representa o 30,23% do total de falecidos nesta rede. Destacar que o 80% dos atropelos e das vítimas rexistradas neles tiveron lugar en travesías.

Distribución dos accidentes e vítimas de atropelos segundo o tipo de vía. Ano 2017



Distribución dos accidentes e vítimas de atropelos segundo o tipo de vía. Ano 2016




Gráfico 42. Distribución por tipo de vía dos atropelos e as súas vítimas na rede autonómica de estradas de Galicia. Anos 2016 e 2017. Fonte: Xunta de Galicia.

2. ANÁLISE DE EVOLUCIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA 2016-2020

A Comunidade Autónoma de Galicia conta cunha ampla experiencia tanto no deseño como no cumprimento de Plans de Seguridade Viaria. Neste sentido as accións contempladas no Plan 2016-2020 baséanse en gran medida naquelas que foron realizadas con éxito en plans anteriores, demostrando a súa eficacia na mellora da seguridade viaria, complementadas con iniciativas novas que permitan reforzar determinados aspectos non cubertos polas medidas existentes ou cuxos resultados non alcanzaron as metas previstas.

Co obxectivo de adaptar o Plan de Seguridade Viaria de Galicia á Estratexia do Plan Mundial para o Decenio de Acción, obtendo así un Plan máis realista e operativo, axústanse os 7 obxectivos estratéxicos expostos no período anterior, 2011-2015, cos 5 obxectivos estratéxicos do Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2020.

Na seguinte táboa móstrase a mencionada evolución:

Plan de Seguridade Viaria Galicia 2011-2015
OE 1: Promover contornas seguras e mellorar o transporte público
OE 2: Obter condutas viarias seguras
OE 3: Mellorar a seguridade da estrada
OE 4: Protexer aos usuarios vulnerables
OE 5: Aumentar a investigación en materia de seguridade viaria
OE 6: Dar apoio ás vítimas e familiares
OE 7: Mellorar a colaboración entre administracións e os protocolos de actuación



Plan de Seguridade Viaria Galicia 2016-2020
OE 1: Xestión da Seguridade Viaria
OE 2: Vías de tránsito e mobilidade máis seguras
OE 3: Vehículos máis seguros
OE 4: Usuarios de vías de tránsito máis seguros
OE 5: Resposta tras os accidentes

Tabla 1. Evolución dos Obxectivos Estratéxicos dos Plan de Seguridade Viaria de Galicia .Fonte: Xunta de Galicia

No marco dos 5 Obxectivos Estratéxicos previstos, propóñense un conxunto de 49 accións encamiñadas a mellorar a seguridade viaria en Galicia. A continuación preséntanse os cinco obxectivos

estratéxicos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, así como as accións contempladas inicialmente na presentación do Plan.

Tabla 2. Plan de Accións do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020. Fonte: Xunta de Galicia

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	ACCIÓN
1. Xestión da seguridade viaria	1.1. <i>Análise da sinistralidade laboral por accidentes de tráfico no marco do observatorio de accidentalidade do ISSGA</i> 1.2. <i>Colaboración en proxectos de ámbito estatal e/ou europeo</i> 1.3. <i>Atención prestada polo Centro de Atención de Emerxencias CAE112</i>
2. Vías de tránsito e mobilidade máis seguras	2.1. <i>Consideración da compoñente de seguridade viaria nos informes de plan e ordenación do territorio</i> 2.2. <i>Proxectos de estradas</i> 2.3. <i>Construción de novos eixos de comunicación</i> 2.4. <i>Mellora da seguridade viaria na zona de circulación</i> 2.5. <i>Mellora da seguridade viaria nas marxes das estradas</i> 2.6. <i>Conservación da rede autonómica</i> 2.7. <i>Mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables</i> 2.8. <i>Itinerario escolar seguro a través do Plan Proxecta</i> 2.9. <i>Prevención de accidentes con fauna: Autorización de batidas de caza nos lugares onde sexan frecuentes os accidentes por irrupción de animais salvaxes na estrada</i> 2.10. <i>Execución de obras en camiños rurais existentes e creación de novos camiños a través da concentración parcelaria</i> 2.11. <i>Estudos sobre mobilidade nos camiños rurais</i> 2.12. <i>Manuais de boas prácticas</i> 2.13. <i>Plan de Transporte Metropolitano de Galicia</i> 2.14. <i>Plan de modernización do transporte público en Galicia</i>
3. Vehículos máis seguros	3.1. <i>Elaboración de publicación de estatísticas sobre Inspección Técnica de Vehículos</i> 3.2. <i>Ampliación ou mellora do equipamento dos servizos de protección civil e de bombeiros</i> 3.3. <i>Comprobar a rede de centros de instalación e verificación de tacógrafos dixitais</i> 3.4. <i>Certificado de reparación en taller habilitado para segundas inspeccións na ITV</i> 3.5. <i>Consulta pública de talleres habilitados</i>
4. Usuarios de vías de tránsito máis seguros	4.1. <i>Accións formativas con contidos de educación viaria para persoas adultas en réxime penal</i> 4.2. <i>Xornada de educación e formación viaria</i> 4.3. <i>Cursos de seguridade viaria na conducción</i> 4.4. <i>Realización de campañas de difusión entre os traballadores sobre a importancia da seguridade viaria</i> 4.5. <i>Xornadas Técnicas de seguridade viaria no ámbito laboral</i> 4.6. <i>Actuacións de asesoramento a empresas con elevado número de accidentes de tráfico "in itinere" e en misión. Desenvolvemento de programas de seguridade viaria laboral</i> 4.7. <i>Campaña LIBRE: campaña de sensibilización a pé de rúa nas zonas de lecer nocturno</i> 4.8. <i>Campaña LIBRE: Cursos de conducción segura para mozas entre 18 e 30 anos</i> 4.9. <i>Programa "Cambio de Sentido"</i> 4.10. <i>Campañas de sensibilización en materia de seguridade viaria dirixidas a pais e fillos</i> 4.11. <i>Programa para a obtención do permiso de conducir para o colectivo xitano</i> 4.12. <i>Portal específico de seguridade viaria</i> 4.13. <i>Película para a sensibilización en seguridade viaria: "A pesar de todo, quéroche"</i> 4.14. <i>Charlas informativas sobre seguridade viaria en Centros Socio-Comunitarios de Benestar</i> 4.15. <i>Colaboración da Unidade de Policía Adscrita na seguridade do transporte por estrada</i> 4.16. <i>Elaboración de materiais didácticos ou pedagóxicos sobre mobilidade dirixidos ao contexto educativo</i> 4.17. <i>Programa de "Mobilidade Sustentable e Segura", dentro do Plan Proxecta</i> 4.18. <i>Colaboración a través de asesoramento na elaboración de materiais educativos para o ámbito da mobilidade segura e sustentable</i> 4.19. <i>Curso de formación para docentes</i> 4.20. <i>Formación transporte público e condutores profesionais</i>

OBXECTIVO ESTRATÉXICO	ACCIÓN
5. Resposta tras os accidentes	5.1. <i>Formación para a mellora do coñecemento na atención do paciente politraumatizado</i>
	5.2. <i>Formación específica en seguridade viaria para policía local e agrupacións de voluntarios na intervención dos accidentes en estradas</i>
	5.3. <i>Proporcionar asistencia psicolóxica ás vítimas e familiares</i>
	5.4. <i>Configuración de grupos de traballo de primeiros intervinientes para realizar procedementos de actuación conxuntos</i>
	5.5. <i>Optimización de resposta ante accidentes de tráfico no medio rural e urbano</i>
	5.6. <i>Intervencións dos parques de bombeiros en accidentes de tráfico</i>

Respecto ao Programa de Seguimento do Plan, definíronse unha serie de indicadores cuantitativos que permitisen levar a cabo un control sobre a execución das medidas propostas, de maneira que se os indicadores asignados a cada acción e as cifras de sinistralidade difiren da planificación realizada, sexa posible poñer en marcha un Plan de Continxencias apropiado para corrixir desviacións indeseadas.

Co fin de implicar ao maior número de sectores e responsables, para a dirección do Plan de Seguridade Viaria de Galicia

2016-2020 créanse dúas Mesas de Traballo:

1. Comité de Seguimento de órganos públicos, no que se integran as Consellerías da Xunta de Galicia.
2. Mesa de Traballo cos Axentes Sociais, onde se integran as entidades non públicas (asociacións, organizacións non gobernamentais, colectivos, etc.) que traballan no ámbito da seguridade viaria ou poden ter algunha implicación nesta materia.

Grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos.

Analizouse o conxunto dos **5 obxectivos estratéxicos** co fin de coñecer o seu grao de realización ao finalizar o Plan. Das **49 accións** que se expuxeron inicialmente, nos dous primeiros anos de aplicación do Plan, elimináronse 4 actividades e incorporáronse 3 novas accións, dúas en 2016 e unha en 2017. Nestes dous anos, executáronse un total de **40 medidas**,

utilizándose para determinar o seu grao de cumprimento **108 indicadores de resultados**. Sete actividades atópanse aínda á espera de ser executadas.

Nas táboas seguintes detállanse os resultados dos traballos de seguimento realizados.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: Xestión da Seguridade Viaria


“...Alentar a creación de alianzas multisectoriais e a designación de organismos coordinadores que teñan capacidade para elaborar estratexias, plans e metas nacionais en materia de seguridade viaria e para dirixir a súa execución, baseándose na recompilación de datos e a investigación probatoria para avaliar o deseño de contramedidas e vixiar a aplicación e a eficacia...”

Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2010

Actividades previstas:	Revisión 2016	Revisión 2017
1. Análise da sinistralidade laboral por accidentes de tráfico no marco do observatorio de accidentalidade do ISSGA	Executada	Executada
2. Colaboración en proxectos de ámbito estatal e/ou europeo	Executada	Executada
3. Atención prestada polo Centro de Atención de Emerxencias CAE 112	Executada	Executada
Novas actividades incorporadas		NINGUNHA

Grao de cumprimento

Das 3 medidas que se expuxeron ao comezo do Plan, tanto no ano 2016 como no ano 2017 desenvolvéronse todas as actuacións previstas, o que representa un grao de cumprimento do Obxectivo do 100%.



OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2: Vías de tránsito e mobilidade máis seguras.


“...Aumentar a seguridade intrínseca e a calidade de protección das redes de estradas en beneficio de todos os usuarios das vías de tránsito, especialmente dos máis vulnerables (por exemplo, os peóns, os ciclistas e os motociclistas). Iso lograrase mediante a aplicación de avaliacións da infraestrutura viaria e a mellora da planificación, o deseño, a construción e o funcionamento das estradas tendo en conta a seguridade...”

Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2010

Actividades previstas:	Revisión 2016	Revisión 2017
1. Consideración da compoñente de seguridade viaria nos informes de plan e ordenación do territorio	Executada	Executada
2. Proxectos de estradas	Executada	Executada
3. Construción de novos eixos de comunicación	Executada	Executada
4. Mellora da seguridade viaria na zona de circulación	Executada	Executada
5. Mellora da seguridade viaria nas marxes das estradas	Executada	Executada
6. Conservación da rede autonómica	Executada	Executada
7. Mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables	Executada	Executada
8. Itinerario escolar seguro a través do Plan Proxecta	Non iniciada	Non iniciada
9. Prevención de accidentes con fauna: Autorización de batidas de caza nos lugares onde sexan frecuentes os accidentes por irrupción de animais salvaxes na estrada	Executada	Executada
10. Execución de obras en camiños rurais existentes e creación de novos camiños a través da concentración parcelaria	Executada	Executada
11. Estudos sobre mobilidade nos camiños rurais	ELIMINADA	
12. Manuais de boas prácticas	Executada	Executada
13. Plan de Transporte Metropolitano de Galicia	Executada	Executada
14. Plan de modernización do transporte público en Galicia	ELIMINADA	
Novas actividades incorporadas en 2016		
15. Prevención da sinistralidade: Cursos de seguridade na caza e primeiros auxilios.		Executada
16. Sensibilización cos nenos na Escola Galega de Prevención		Executada
Novas actividades incorporadas en 2017		
17. Materia de libre configuración “ Mobilidade escolar sostible e segura”		

Grao de cumprimento

Das 14 medidas que se expuxeron ao comezo do Plan, en 2016 executáronse 12, elimináronse 2 e incorporáronse 2 medidas novas. Ao finalizar o ano 2017, unha das actividades previstas aínda non se iniciou e incorporouse outra nova medida. O que representa un grao de cumprimento do Obxectivo do 87%



OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: Vehículos máis seguros.


“...Alentar o despregamento universal de mellores tecnoloxías de seguridade pasiva e activa dos vehículos, combinando a harmonización das normas mundiais pertinentes, os sistemas de información aos consumidores e os incentivos destinados a acelerar a introdución de novas tecnoloxías...”

Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2010

Actividades previstas:	Revisión 2016	Revisión 2017
1. Elaboración de publicación de estadísticas sobre Inspección Técnica de Vehículos	Executada	Executada
2. Ampliación ou mellora do equipamento dos servizos de protección civil e de bombeiros	Executada	Executada
3. Comprobar a rede de centros de instalación e verificación de tacógrafos dixitais	Executada	Executada
4. Certificado de reparación en taller habilitado para segundas inspeccións na ITV	ELIMINADA	
5. Consulta pública de talleres habilitados	Executada	Executada
Novas actividades incorporadas:		NINGUNHA

Grao de cumprimento

Das 5 medidas que se expuxeron ao comezo do Plan, tanto en 2016 como en 2017 executáronse 4, o que representa un grao de cumprimento do Obxectivo do 100%.



OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4 Usuarios de vías de tránsito máis seguros


“...Elaborar programas integrais para mellorar o comportamento dos usuarios das vías de tránsito. Observancia permanente ou potenciación das leis e normas en combinación coa educación ou sensibilización pública para aumentar as taxas de utilización do cinto de seguridade e do casco, e para reducir a condución baixo os efectos do alcol, a velocidade e outros factores de risco...”

Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2010

Actividades previstas:	Revisión 2016	Revisión 2017
1. Accións formativas con contidos de educación viaria para persoas adultas en réxime penal	Executada	Executada
2. Xornada de educación e formación viaria	Non iniciada	Non iniciada
3. Cursos de seguridade viaria na condución	Executada	Executada
4. Realización de campañas de difusión entre os traballadores sobre a importancia da seguridade viaria	Executada	Executada
5. Xornadas Técnicas de seguridade viaria no ámbito laboral	Executada	Executada
6. Actuacións de asesoramento a empresas con elevado número de accidentes de tráfico "in itinere" e en misión. Desenvolvemento de programas de seguridade viaria laboral.	Executada	
7. Campaña LIBRE: campaña de sensibilización a pé de rúa nas zonas de lecer nocturno	Non iniciada	Non iniciada
8. Campaña LIBRE: Cursos de condución segura para mozas entre 18 e 30 anos	Executada	
9. Programa "Cambio de Sentido"	Executada	Executada
10. Campañas de sensibilización en materia de seguridade viaria dirixidas a pais e fillos	Executada	Executada
11. Programa para a obtención do permiso de conducir para o colectivo xitano	Executada	Executada
12. Portal específico de seguridade viaria	Executada	Executada
13. Película para a sensibilización en seguridade viaria: "A pesar de todo, quéroche"	Non iniciada	Non iniciada
14. Charlas informativas sobre seguridade viaria en Centros Socio-Comunitarios de Benestar	Executada	Executada
15. Colaboración da Unidade de Policía Adscrita na seguridade do transporte por estrada	ELIMINADA	
16. Elaboración de materiais didácticos ou pedagóxicos sobre mobilidade dirixidos ao contexto educativo	Non iniciada	Non iniciada
17. Programa de "Mobilidade Sustentable e Segura", dentro do Plan Proxecta	Executada	Executada
18. Colaboración a través de asesoramento na elaboración de materiais educativos para o ámbito da mobilidade segura e sustentable	Executada	Executada
19. Curso de formación para docentes	Non iniciada	Non iniciada
20. Formación transporte público e condutores profesionais	Executada	Executada
Novas actividades incorporadas:		NINGUNHA

Grao de cumprimento

Das 20 medidas que se expuxeron ao comezo do Plan, en 2017 desenvolvéronse 12, dous menos que o ano anterior, non incorporándose ningunha actividade nova. Ao finalizar o ano 2017 aínda non se iniciaron 5 actuacións das inicialmente previstas, o que representa un grao de cumprimento do Obxectivo do 74 %.



OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5: Resposta tras os accidentes


“...Aumentar a capacidade de resposta ás emerxencias ocasionadas polos accidentes de tránsito e mellorar a capacidade dos sistemas de saúde e doutra índole para brindar ás vítimas tratamento de emerxencia apropiado e rehabilitación a longo prazo...”

Plan Mundial para o Decenio de Acción para a Seguridade Viaria 2011-2020

Actividades previstas:	Revisión 2016	Revisión 2017
1. Formación para a mellora do coñecemento na atención do paciente politraumatizado	Executada	Executada
2. Formación para a mellora do coñecemento na atención do paciente politraumatizado	Executada	Executada
3. Proporcionar asistencia psicolóxica ás vítimas e familiares	Executada	Executada
4. Configuración de grupos de traballo de primeiros intervinientes para realizar procedementos de actuación conxuntos	Executada	Executada
5. Optimización de resposta ante accidentes de tráfico no medio rural e urbano	Executada	Executada
6. Intervencións dos parques de bombeiros en accidentes de tráfico	Executada	Executada
Novas actividades incorporadas:		NINGUNHA

Grao de cumprimento

Das 6 medidas que se expuxeron ao comezo do Plan, ao finalizar o ano 2017 executáronse todas, o que representa un grao de cumprimento do Obxectivo do 100%.



As táboas seguintes mostran, para cada unha das medidas executadas, unha avaliación da súa implementación mediante o cumprimento dos indicadores de seguimento establecidos.

Un seguimento continuo ao longo do desenvolvemento do Plan permite

controlar e medir en tempo real a evolución e posibles desviacións do cumprimento do obxectivo de Plan, permitindo corrixir e emendar posibles carencias de implementación así como definir novas metas a partir dos resultados obtidos.



OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: Xestión da Seguridade Viaria

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
1.1. Análise da sinistralidade laboral por accidentes de tráfico no marco do observatorio de accidentalidade do ISSGA	Consellería de Economía, Emprego e Industria	Nº de publicacións editadas	0	5
		Ratios de accidentes e vítimas	2.960 traballadores sufriron accidentes laborais de tráfico (2.861 leves, 86 graves e 13 mortais), dun total de 27.874 accidentes laborais. (accidentes en xornada e en itinere)	3.204 traballadores sufriron accidentes laborais de tráfico (3.120 leves, 72 graves e 12 mortais), dun total de 30.328 accidentes laborais. (accidentes en xornada e en itinere)
1.2. Colaboración en proxectos de ámbito estatal e/ou europeo	Consellería de Sanidade	Nº de proxectos nos que participa	1	1
1.3. Atención prestada polo Centro de Atención de Emerxencias CAE 112	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia. Administracións Públicas e Xustiza	Nº de incidencias atendidas por CAE 112	18.837	18.953

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2: Vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
2.1. Consideración da compoñente de seguridade viaria nos informes de plan e ordenación do territorio	Consellería de Infraestrutura e Vivenda	Nº de informes emitidos	54	43
2.2. Proxectos de estradas	Consellería de Infraestrutura e Vivenda	Nº de proxectos que inclúen un anexo de seguridade viaria.	13	17
2.3. Construción de novos eixos de comunicación	Consellería de Infraestrutura e Vivenda	Km. de novas vías construídas	28,7	8,1
		Km. de travesías que se evitan coa construción dun novo viario	8,3	1,8
2.4. Mellora da seguridade viaria na zona de circulación	Consellería de Infraestrutura e Vivenda	€ en actuacións de mellora de seguridade viaria	7.055.034,04 €	14.031.664,52 €
		Nº de interseccións e accesos mellorados	72	56
		Km. de actuacións de mellora de seguridade viaria	107,59	192,779
2.5. Mellora da seguridade viaria nas marxes das estradas	Consellería de Infraestrutura e Vivenda	Km de cunetas de seguridade executadas	15,5	7,42
		Número de salvacunetas eliminados ou protexidos	33	49
		ml de barreira nova instalada	16.715	3.245
		ml de barreira innecesaria eliminada ou existente retranqueada	88	13.220
		ud de bifurcación mellorada	1	5

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMIENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
2.6. Conservación da rede autonómica	Consellería de Infraestrutura e Vivenda	€ de contratos de conservación e vialidade invernal	23.065.937,95	23.065.937,94
		€ en actuacións de reforzos de firme	16.640.428,78 €	10.215.393,12 €
		Número de sinais repostos	6.084	3.034
		Km de marcas viarias repintadas	4.709,47	3.100,93
		Número de inspeccións principais de obras de paso	139	93
2.7. Mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables	Consellería de Infraestrutura e Vivenda	Número de elementos reflectantes repartidos	9.600	1.820
		Nº de campañas publicitarias de seguridade viaria	1	1
		Nº de cursos de conducción segura para motocicletas	0	8
		Nº de motoristas formados	0	170
		Nº de centros educativos nos que se desenvolve unha Campaña de concienciación de seguridade viaria no rural	6	1
		Nº de unidades didácticas e libros do profesor repartidos en centros educativos na Campaña de seguridade viaria	410	100
		Nº de centros educativos nos que se realizan estudos de mobilidade na súa contorna	0	0
		Km de sendas peonís e beirarrúas construídas	11,672	59,95
		ml de sistemas de protección de motoristas instalados	824,8	3.796
2.8. Itinerario escolar seguro a través do Plan Proxecta	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - DGT	Nº de usuarios da Guía online	Sen datos	Sen datos
		Nº de actuacións	Sen datos	Sen datos
2.9. Prevención de accidentes con fauna: Autorización de batidas de caza nos lugares onde sexan frecuentes os accidentes por irrupción de animais salvaxes na estrada	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	Nº de batidas de caza	32.944	29804
2.10. Execución de obras en camiños rurais existentes e creación de novos camiños a través da concentración parcelaria	Consellería do Medio Rural e de Mar	Km de camiños rurais construídos e/ou mellorados	236	430
		Nº camiños rurais construídos e/ou mellorados	83	233
2.12. Manuais de boas prácticas	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	Nº de manuais de boas prácticas desenvolvidos	5.000	0

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMIENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
2.13. Plan de Transporte Metropolitano de Galicia	Consellería de Infraestrutura e Vivenda	Nº de Áreas de Transporte Metropolitano implantadas	5	5
		Concellos adheridos ao Plan	66	65
		Poboación directamente beneficiada polo Plan	1.550.000	1.488.983
		Billetes vendidos no eido do Plan	13.850.089	14.285.581
2.15. Prevención da sinistralidade: Cursos de seguridade na caza e primeiros auxilios. NOVA	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	N.º de cursos	4	4
2.16. Sensibilización cos nenos na Escola Galega de Prevención NOVA	Consellería de Economía, Emprego e Industria	Nº de visitas de centros educativos	NOVA	25
		Nº de nenos asistentes	NOVA	729
2.17. Materia de libre configuración “ Mobilidade escolar sostible e segura” NOVA	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - - DGT	Nº de centros participantes	NOVA	NOVA
		Nº de docentes participantes	NOVA	NOVA
		Nº de alumnado participant	NOVA	NOVA

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3: Vehículos máis seguros.

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMIENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
3.1. Elaboración de publicación de estadísticas sobre Inspección Técnica de Vehículos	Consellería de Economía, Emprego e Industria	Porcentaxe de vehículos recollidos na estatística	100% dos vehículos que pasaron á ITV	100% dos vehículos que pasaron á ITV
		Nº de informes anuais	1	1
3.2. Ampliación ou mellora do equipamento dos servizos de protección civil e de bombeiros	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia. Administracións Públicas e Xustiza	Nº de vehículos de nova dotación ou mellora	12	16
		Outros equipamentos	0	46
3.3. Comprobar a rede de centros de instalación e verificación de tacógrafos dixitais	Consellería de Economía, Emprego e Industria	Nº de talleres oficiais nos que se pode realizar a instalación e verificación de tacógrafos dixitais	45	50
3.5. Consulta pública de talleres habilitados	Consellería de Economía, Emprego e Industria	Nº de consultas realizadas	5.520	30.436

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: Usuarios de vías de tránsito máis seguros

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMIENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
4.1. Accións formativas con contidos de educación viaria para persoas adultas en réxime penal	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - DGT	Nº de solicitudes	Sen datos	Sen datos
		Nº de accións impartidas	2	2
		Nº de alumnos formados	28	17
4.2. Xornada de educación e formación viaria	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - DGT	Nº de profesores certificados	0	0
		Nº de informes presentados	0	0
		Nº de prazas ofertadas	0	0

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4: Usuarios de vías de tránsito máis seguros

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMIENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
4.3. Cursos de seguridade viaria na conducción	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - DGT	Nº de cursos impartidos	4	4
		Nº de alumnos formados	73	75
4.4. Realización de campañas de difusión entre os traballadores sobre a importancia da seguridade viaria	Consellería de Economía, Emprego e Industria - DGT	Nº de carteis / folletos editados	Campaña sobre a prevención de riscos no manexo do tractor e a seguridade viaria. 1 modelo de tríptico, 32.500 exemplares; 1 modelo de cartel, 200 exemplares	Campaña sobre a prevención de riscos no manexo do tractor e a seguridade viaria. 1 modelo de fichas, 10.000 exemplares; 1 modelo cartel, 3.000 exemplares.
		Nº de empresas /traballadores obxecto da campaña	32.500 trípticos e 200 carteis para condutores de tractor en controis de tráfico da Garda Civil, ITV fixas e móbiles e Concellos.	2.226 puntos en 119 Concellos: • 714 en 35 Concellos de Coruña • 529 en 30 Concellos de Lugo • 337 en 27 Concellos de Ourense • 646 en 27 Concellos Pontevedra
		Nº de campañas de prevención de accidentes laborais de tráfico NOVO	1 (manexo tractor agrícola)	1 (manexo tractor agrícola)
4.5. Xornadas Técnicas de seguridade viaria no ámbito laboral	Consellería de Economía, Emprego e Industria – DGT	Nº de xornadas NOVO	1	2
		Nº de traballadores asistentes ás xornadas	63	143
4.6. Actuacións de asesoramento a empresas con elevado número de accidentes de tráfico " in itinere" e en misión. Desenvolvemento de programas de seguridade viaria laboral.	Consellería de Economía, Emprego e Industria - DGT	Nº de empresas visitadas	3	
4.7. Campaña LIBRE: campaña de sensibilización a pé de rúa nas zonas de lecer nocturno	Consellería de Políticas Social -Coa colaboración dos Concellos	Nº de accións realizadas	0	0
		Nº de localidades nas que se realizan as accións	0	0
4.8. Campaña LIBRE: Cursos de conducción segura para mozos entre 18 e 30 anos	Consellería de Políticas Social - DGT	Nº de participantes inscritos	79	0
4.9. Programa "Cambio de Sentido"	Consellería de Sanidade- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Federación Galega de Autoescolas - DGT	Nº de asistentes	1.448	1.254
		Nº de horas empregadas	4	4

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: Usuarios de vías de tránsito máis seguros

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
4.10. Campañas de sensibilización en materia de seguridade viaria dirixidas a pais e fillos	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - DGT	Nº de xornadas de formación impartidas	54	71
		Nº de persoas (menores, pais, etc.) asistentes	4.509	5.940
4.11. Programa para a obtención do permiso de conducir para o colectivo xitano	Consellería de Política Social – DGT	Nº de participantes no Programa	31	11
4.12. Portal específico de seguridade viaria	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Nº de visitas á páxina Web "Eu Circulo"	Sen datos	Sen datos
		Nº de noticias publicadas por ano	1	1
4.13. Película para a sensibilización en seguridade viaria: "A pesar de todo, quéroche"	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	Nº de descargas da unidade didáctica	Sen datos	Sen datos
4.14. Charlas informativas sobre seguridade viaria en Centros Socio-Comunitarios de Benestar	Consellería de Política Social – DGT. Coa colaboración dos Concellos	Nº de charlas realizadas	7	8
		Nº de persoas maiores formadas	260	425
4.16. Elaboración de materiais didácticos ou pedagóxicos sobre mobilidade dirixidos ao contexto educativo	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - DGT	Nº de materiais asesorados	0	0
4.17. Programa de "Mobilidade Sustentable e Segura", dentro do Plan Proxecta	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - DGT	Nº de centros participantes	23	20
		Nº de docentes participantes	180	194
		Nº de docentes certificados	165	
		Nº de alumnado participante	3.215	2.847
		Nº de proxectos recoñecidos como boa práctica	1 (1º premio Proxecta 2016 para ou IES Francisco Daviña Rey)	0
4.18. Colaboración a través de asesoramento na elaboración de materiais educativos para o ámbito da mobilidade segura e sustentable	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - DGT	Nº de materiais asesorados	1	1
4.19. Curso de formación para docentes	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - DGT	Nº de prazas ofertadas	0	0
		Nº de docentes certificados	0	0

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMIENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
4.20. Formación transporte público e condutores profesionais	Consellería de Infraestruturas e Vivenda	Nº de cursos impartidos	1.597	1.648
		Nº de centros autorizados para formación CAP	22	11
		Nº de persoas formadas	14.320	13.755
		Nº de infraccións detectadas	Exceso de peso:1.595 Carencia de autorización:754 Tacógrafo:1.908 Tempos conducción-descanso: 3.694	Exceso de peso:1.538 Carencia de autorización:686 Tacógrafo:1.836 Tempos conducción-descanso: 4348

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5: Resposta tras os accidentes

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMIENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
5.1. Formación para a mellora do coñecemento na atención do paciente politraumatizado	Consellería de Sanidade	Nº de cursos impartidos	20	18
		Nº de sanitarios formados	379	382
5.2. Formación específica en seguridade viaria para policía local e agrupacións de voluntarios na intervención dos accidentes en estradas	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Colaboración dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES)	Nº de cursos	24	51
		Nº de participantes	717	731
5.3. Proporcionar asistencia psicolóxica ás vítimas e familiares	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Nº de mobilizacións	13	53
		Nº de persoas asistidas	29	25
5.4. Configuración de grupos de traballo de primeiros intervinientes para realizar procedementos de actuación conxuntos	Consellería de Sanidade	Nº de grupos constituídos	2	5
		Nº de procedementos conxuntos desenvolvidos	2	12
		Nº de simulacros conxuntos realizados	7	15

ACCIÓN	RESPONSABLE	INDICADORES DE SEGUIMIENTO	MEDICIÓN 2016	MEDICIÓN 2017
5.5. Optimización de resposta ante accidentes de tráfico no medio rural e urbano	Consellería de Sanidade - Colaboración dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES)	Nº de protocolos de actuación	2	2
		Nº de simulacros levados a cabo	27	56
		Accidentes de tráfico atendidos anualmente polo 061 con unidades asistenciais de soporte vital básico - NOVO	7.058	7.269
		Accidentes de tráfico atendidos anualmente polo 061 con unidades asistenciais de soporte vital avanzado	742	680
5.6. Intervencións dos parques de bombeiros en accidentes de tráfico	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza - Colaboración dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES)	Nº de intervencións	1.919	2.053



3. CONCLUSIÓNS

A continuación preséntanse as conclusións referentes á evolución da sinistralidade viaria en Galicia, especialmente durante o período 2011- 2017.

Así mesmo, inclúense as principais conclusións derivadas da análise de evolución dos dous primeiros anos de aplicación do Plan de Seguridade Viaria 2016-2020.

Evolución da sinistralidade:

- Durante o período 2011 – 2016 obsérvase un repunte da accidentalidade a nivel global, iniciándose en 2017 un cambio de tendencia e unha lixeira diminución no número de accidentes con vítimas rexistrados.
- A análise da taxa de falecidos por millón de habitantes en Galicia, durante o período 2011-2017 revela unha tendencia decreciente, pasando de 67 en 2011 a 43 en 2017.
- Galicia no seu conxunto, así como as súas catro provincias, mostran unha evolución da mortalidade compatible co cumprimento do Obxectivo 2020.
- Durante o ano 2016, o índice de perigosidade das estradas autonómicas galegas aumentou lixeiramente (+6,25%) respecto ao ano anterior, volvendo durante 2017 a un valor similar a 2015. Con todo, a pesar de rexistrarse un incremento na accidentalidade en 2016, a gravidade dos ditos accidentes diminuíu, reflectíndose no índice de mortalidade que se reduciu lixeiramente. En 2017 o índice de mortalidade mantívose constante e igual ao rexistrado en 2016.

Seguimento do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020:

- O Plan é unha estratexia «viva»: das 48 accións inicialmente propostas, nos dous primeiros anos de aplicación do Plan (2016 e 2017) incorporáronse 3 novas accións, mentres que se eliminaron 4.
- En 2017 o 85% das accións recollidas no plan, é dicir, 40 accións, xa foron postas en marcha.
- Non foron desenvolvidas aínda 7 das accións recollidas, polo que se considera interesante aumentar a participación doutras entidades para a súa realización.
- Estímase necesario continuar cun esforzo constante con implicación de todos os sectores para conseguir os obxectivos de redución de accidentalidade previstos no Plan.

Participación institucional e social no Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020:

- Desde a súa publicación, o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 tivo en conta a importancia da participación de todas as institucións da Comunidade Autónoma relacionadas coa seguridade viaria, de maneira directa ou indirecta, así como das organizacións sociais que desenvolven un importante labor neste ámbito. Neste sentido, o 16 de marzo de 2018 realizouse unha “Xornada cos Axentes Sociais para o seguimento do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020”, coa participación das seguintes institucións:
 - Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia.
 - Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.
 - Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).
 - Agrupación de Tráfico da Garda Civil.
 - Dirección Xeral de Tráfico.
 - Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia.
 - Confederación Galega de ANPAS de Centros Públicos (CONFAPA).
 - Pedaladas, Asociacións Galegas de ciclo usuarios, Pedaladas de Pontevedra, Composcleta de Santiago, A golpe de pedal de Vigo, Verdegaia, Arousa en bicicleta
 - Supervisión e Control S.A. Operados de ITV en Galicia
 - Asociación Provincial de Autoescolas da Coruña.
 - Confederación Nacional de Autoescolas – Federación Galega de Autoescolas.

- Federación galega de servizos de transportes en autobús (FEGABUS) e Autocares Rías Baixas.
 - Plataforma Moteira para a Seguridade Viaria (PMSV).
 - Asociación de Amigos do Camiño de Santiago.
 - Asociación Mutua Moteira (AMM) e STOP Gardarraíles.
 - Federación Galega de Triatlón.
 - Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos. Demarcación de Galicia.
 - Asociación Española de la Carretera.
- Ao longo da sesión, na que se realizou unha exposición da evolución da sinistralidade en Galicia, realizáronse as seguintes observacións e propostas:
- A análise detallada da sinistralidade en Galicia durante o ano 2017 revela as seguintes conclusións:
 - A gran maioría (89%) dos accidentes rexistráronse na estrada convencional.
 - Un 21% dos falecidos circulaban sen cinto.
 - Os desprazamentos curtos (menos de 5 km) rexistran o maior número de accidentes.
 - Os principais problemas detectados foron o uso do móbil e consumir alcol e drogas durante a condución.
 - A Consellería de Infraestruturas ten moi avanzadas as medidas que forman parte do plan de seguridade viaria 2016-2020, co que a Xunta aspira a reducir nun 50% as vítimas mortais nas estradas galegas con respecto a 2011.
 - A Consellería de Industria está centrando os seus ámbitos de traballo da mellora da seguridade viaria nas seguintes accións: aumento da seguridade viaria laboral tanto en itinere como en misión, desenvolvemento dun simulador de moto para nenos e realización dunha campaña de mellora da seguridade viaria para os condutores de tractores.
 - CONFAPA solicita que se amplíe a cobertura de campañas de seguridade viaria en colexios, para o que se ofrecen a colaborar na medida das súas posibilidades.
 - Pedaladas, Asociacións Galegas de ciclo usuarios, resalta que as bicicletas son un medio de mobilidade alternativo polo que é necesaria a súa adecuada coordinación tanto no ámbito interurbano, mediante un plan de infraestruturas para transporte non motorizado, como no ámbito urbano,

mediante a implantación nas cidades de zonas 30. En concreto, propuxéronse as seguintes accións:

- Priorizar a creación de vías segregadas do tráfico motorizado ou beiravías transitables para potenciar a mobilidade alternativa dos colectivos vulnerables.
 - Extensión do concepto de calmado de tráfico para a xeneralización das “Cidades 30”.
 - Fomentar a formación sobre mobilidade alternativa segura en bicicleta e coexistencia con vehículos a motor en centros de educación secundaria.
 - Diseñar e realizar campañas de divulgación de pautas para a coexistencia segura de diferentes modos de mobilidade.
- A Asociación Provincial de Autoescolas da Coruña resalta a necesidade de insistir no factor humano como elemento vertebrador das políticas de seguridade viaria, así como a necesidade de formación continua para todos os condutores (Long Life Learning).
 - Supervisión e Control S.A. Operadores de ITV en Galicia indica que se fai necesario un maior control dos “computadores de a bordo” nos actuais vehículos, así como no control en ruta de vehículos industriais.
 - O Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia resalta a necesidade de potenciar a presenza masiva de axudas tecnolóxicas nos vehículos, así como a importancia da reconstrución de accidentes para a obtención da máxima información posible de cada suceso grave.
 - O Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia suxire a necesidade de potenciar a investigación e eliminación dos 52 treitos de Concentración de Accidentes identificados, sempre que as principais causas poidan ser achacables á propia infraestrutura.
 - A Federación Galega de Triatlón defende que entre as principais accións a acometer estarían: a potenciación e regulación de elementos alternativos de mobilidade urbana, a identificación e protección de rutas frecuentes de mobilidade ciclista, así como a necesidade da limpeza das beiravías.
 - A Federación galega de servizos de transportes en autobús destaca a necesidade de mellorar as redes municipais de itinerarios escolares.
 - Distintas asociacións de usuarios e de vítimas dos sinistros viarios destacan que actualmente a Xunta de Galicia sitúase á cabeza das comunidades autónomas españolas no que a protección de motoristas se refire, o que resulta moi positivo.

Coa colaboración da:



Asociación
Española de la
Carretera



XUNTA
DE GALICIA